



Concello de Vigo
Expte. 4525/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 12/2024

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 19 DE XULLO DE 2024

ORDE DO DÍA

UNICO.- Solicitar de ABANCA a doazón do Teatro Cine Fraga ao Concello de Vigo para que este artelle un uso do mesmo con acordos coa Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Zona Franca. Expte. Pleno 4527/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel (on line)
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro grupo municipal Socialista.
Gómez Díaz, Gorka, concelleiro grupo municipal Socialista.
Iglesias González, Ana Laura, concelleira grupo municipal Socialista.
García González, Patricia, concelleira grupo municipal do Partido Popular.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas (11:00) do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e catro (19/07/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención a Viceinterventora municipal, dona Olga Gomez Corbal, e pola Secretaría a Secretaria de Goberno, dona Susana Gallardo Fariña (por Resolución de data 15.07.24 da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal) que actúa como Secretaria Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar o asunto incluído na orde do día.

UNICO.(115). SOLICITAR DE ABANCA A DOAZÓN DO TEATRO CINE FRAGA AO CONCELLO DE VIGO PARA QUE ESTE ARTELLE UN USO DO MESMO CON ACORDOS COA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ZONA FRANCA. EXPTE. PLENO 4527/1101.

ANTECEDENTES: Con data 15.07.24, presentase no Rexistro do Pleno nº 4527/1101, escrito asinado por sete concelleiros do grupo municipal Socialista, correspondendo a carta parte da Corporación, solicitando a realización dun Pleno extraordinario, co seguinte texto,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2001 o Teatro Cine Fraga pechou as súas portas despois de 60 anos de actividade. A súa propiedade era neses momentos Caixa Galicia, que decide acometer a súa reforma.

Unha década despois, en 2011, prodúcese a fusión obrigada pola Xunta de Galicia dunha caixa quebrada (Caixa Galicia) e doutra en boas condicións (Caixanova). Non podemos esquecer que NovaCaixaGalicia foi rescatada en 2014 por máis de 9.000 millóns de euros.

Tras un período de profundas dificultades económicas o proceso remata nunha concesión que pasa a ser, polo tanto, propiedade do edificio do cine Fraga.

Abanca transmite a súa intención de retomar o proceso transformador do inmovible pensando na súa utilización no ámbito da universidade privada que vai crear aínda que finalmente considera que o edificio non se adapta a tal fin.

Ulteriormente anuncia o estudo doutras opcións para darlle uso a esas instalacións tan importantes para Vigo, sen ser capaz de identificar un uso que se adapte a un edificio que está na memoria de varias xeracións de viguesas e vigueses.

O Concello de Vigo outorgoulle unha marxe de confianza a esta entidade bancaria para que lograra atopar un destino para a utilización deste espazo tan importante para a cidade, ata que finalmente Abanca decide vender o edificio á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra no medio dun notable escurantismo, xa que este Concello



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 2 de 5
4530-1101	CSV: AFAF52-28DEB6-2BECB7-5218N4-ZGKCZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

trasladou o seu interese en facerse con esa propiedade mediante unha doazón á cidade ou algún outro tipo de acordo.

A postura do Concello de Vigo, que tamén lle foi transmitida ao presidente da Xunta, era que o local pasase a ser propiedade do Concello de Vigo/ Xunta de Galicia /Deputación de Pontevedra /Zona Franca, nun modelo compartido de unanimidades que permitise elaborar conxuntamente o deseño das actividades ás que estas instalacións deberían adicarse así coma a xestión do mesmo.

Consideramos que a decisión de Abanca de vendelo a aquelas dúas institucións e non atender a proposta do Concello non é a máis axeitada para a cidade. De feito, a intención da Xunta e de Abanca é non permitir a presenza do Concello de Vigo no deseño e na participación das decisións e institución que democraticamente representa a toda a cidadanía.

Isto só pode interpretarse como unha mostra de mala fe que se percibe incluso nas declaracións de Alfonso Rueda nas que asegura que pode deseñar o plan de usos con colectivos cidadáns sen facer a máis mínima alusión ao Concello de Vigo.

Por todo isto, ao amparo do disposto no artigo 46.2 da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, as concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE abaixo asinantes, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de acordo:

- 1.-Solicitar de Abanca a doazón do Teatro Cine Fraga ao Concello de Vigo para que éste artelle un uso do mesmo con acordos coa Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Zona Franca, a través de unanimidades.
- 2.- Estas catro institucións deseñarán de forma coordinada o uso do Teatro Cine Fraga tendo en conta a dinámica e as necesidades da cidade, que xa ten un auditorio de 1.600 butacas, outro de 900, outro de 350 e outro de 250, polo que manter o Teatro Cine Fraga no modelo de salón de representación supón retomar a equivocada decisión que no seu momento adoptou Caixa Galicia ao propor un espazo que duplicaba ao xa existente no Teatro García Barbón.
- 3- Solicitar a cooperación do Ministerio de Cultura do Goberno de España, ao considerar que a súa achega é valiosa para levar a cabo este modelo de recuperación do Teatro Cine Fraga. Un modelo baseado na cooperación e non na exclusión.

En Vigo, a 15 de xullo de 2024

María del Carmen Silva Rego	Francisco Javier Pardo Espiñeira
Patricia Rodríguez Calviño	Elena Espinosa Mangana
María del Carmen Lago Barreiro	Patricia Iglesias López
Nuria Rodríguez Rodríguez	

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 3 de 5
4530-1101	CSV: AFAF52-28DEB6-2BECB7-5218N4-ZGKCZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezaseis votos (16) a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e catro votos (4) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar as propostas presentadas, en data 15.07.2024 (Rex. Nº 4527/1101), asinadas polos sete concelleiros do grupo municipal Socialista, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario xullo
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Viernes, 19 de Julio de 2024 11:00:51
Fecha Fin : Viernes, 19 de Julio de 2024 11:22:43
Duración : 00:21:52

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3463

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 293 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/DqA0070ybfAHCKNuvGkK03iSJ6xF1QbfX9P175Sy9p1MssdN.wmv>
SHA512 - 872c1749c0812f42bb05fb80bc94cd3f3fc93977881f36c0323765724a964721ad85db42394645c3e916f370ed0aad86ccc971e154d0a094cf44a028197458f9

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 120 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/eC5wM2t844belZzQ7s1MV2E781mcXD6Wy0QDuEo6I1YAeJp3.mp4>
SHA512 - 885a60e673a5f6661a2659d759d44d24f0f3cc74bb7c74a1259a6e5b3426d564f80e5bad0408816ffa6f32314ab16bb570786776bcf97d0a018f7920651e640a

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Viceinterventora; Secretaria; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 4 de 5
4530-1101	CSV: AFAF52-28DEB6-2BECB7-5218N4-ZGKCZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:20 - Caballero Álvarez, Abel
00:00:46 : UNICO.- Solicitar de ABANCA a doazón do Teatro Cine Fraga ao Concello de Vigo para que este artelle un uso do mesmo con acordos coa Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Zona Franca. Expte. Pleno 4527/1101.
00:01:47 - López Font, Carlos
00:06:57 - Caballero Álvarez, Abel
00:07:08 - Pérez Iglesias, Xabier
00:12:09 - Caballero Álvarez, Abel
00:12:17 - Martín Peña, José Miguel
00:17:17 - Caballero Álvarez, Abel
00:17:40 - López Font, Carlos
00:17:48 - Caballero Álvarez, Abel
00:17:54 - López Font, Carlos
00:20:34 - Caballero Álvarez, Abel
00:20:49 - Votación [11:21:41]
00:21:52 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e vinte e tres minutos (11:23) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e a secretaria de Goberno en substitución do Secretario Xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 12/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

A SECRETARIA DE GOBERNO

(por Resolución de data 15.07.24 da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal)

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 5 de 5
4530-1101	CSV: AFAF52-28DEB6-2BECB7-5218N4-ZGKCZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		